

Normas para as aulas virtuais

1. O Profesor é quen determina a pauta da clase e a forma na que se interactuará. Informará ao comezo da clase e os estudantes terán que adaptarse á dinámica establecida.
2. É obriga do estudante conectarse con puntualidade (nos cinco primeiros minutos) ao horario de clases indicado.
3. A asistencia á clase virtual debe contemplar que o estudante se presente co vestuario axeitado.
4. O lugar físico onde o estudante asiste á clase, debe ser un espazo axeitado, preferiblemente situado nun escritorio ou mesa.
5. Durante a clase virtual non se permite inxerir alimentos.
6. Os atrasos de ingreso a clases virtuais, ausencias ou faltas disciplinarias, poderán ser motivo de citación a entrevista do alumno e os seus responsables legais co profesor-titor.
7. Os estudantes deben silenciar o micrófono do seu sistema electrónico durante o desenvolvemento da clase virtual e activalo só cando necesite realizar unha consulta ou o profesor solicite a súa participación.
8. Queda prohibido subir as clases virtuais ou calquera outro material educativo creado polo profesorado a redes sociais ou viralizar as clases, sexa total ou parcialmente, por calquera soporte informático.
9. Está prohibido compartir o enlace ou clave de ingreso á sala virtual a terceiros, o cal será considerado unha falta grave. O único que pode enviar os enlaces das clases é o profesor da materia a impartir.
10. Na comunicación oral ou escrita que poida establecerse, o trato debe ser respetuoso e amable entre todos os participantes. Nos Chat de aula, débese coidar a linguaxe escrita e oral no caso dos audios.
11. As faltas disciplinarias na aula virtual, poderán ser sancionadas dacordo ao NOF e á Lei de Convivencia.
12. A entrega de tarefas / consulta de dúbidas ó profesorado intentará respectar un horario razoable. Como norma xeral intentarase non exceder ás 20 horas durante a semana para as devanditas actividades. Esta norma non supón, en ningún caso, que o alumnado vexa desatendido o seu dereito á consulta ou resolución de dúbidas ou tarefas.